

O ENDL DO IES FÉLIX MURIEL DÁ A COÑECER A MÚSICA EN GALEGO

A comunidade educativa do IES F.M de Rianxo coñeceu e escoitou á inmensa maioría dos grupos e cantantes actuais que empregan o galego.

O proxecto para darlle a coñecer ao alumnado, e mais ao resto da comunidade educativa, a cantidade de música de todos os estilos que se está a facer en galego ten un acto de presentación pública o vindeiro día 21 no IES Félix Muriel. Na derradeira xornada do trimestre clausúrase unha exposición que forma parte dun proxecto que comezou hai dous anos e que vai continuar ao longo de todo o curso. Desde Astarot a Sés, pasando por Nao, Marful, Carapaus, Roi Casal, Narf... así ata 35 cartaces de grupos ou solistas elaborados pola rapazada, en colaboración co profesorado, do Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística, encheron os corredores do IES Félix Muriel.

Mais como a música se coñece escoitándoa, no IES levan desde xaneiro de 2015 poñendo videoclips dos diferentes grupos e cantantes un día á semana. Porén neste trimestre, acompañando á exposición, houbo música durante todos os recreos, era o denominado Music-Gal. Mesmo se organizou un concurso para que o alumnado puntuase aqueles grupos que máis lles gustaban.

Todas as láminas realizadas para a exposición, así como os enlaces aos vídeos das actuacións, están colgados na web do ENDL www.rianxofala.com. Neste mesmo enlace hai un espazo dedicado a rianxeiros que foron músicos de profesión -entre eles Xosé Romero e Maruxa Miguéns, formantes do mítico grupo Os Rosales- nel está cargada a súa discografía, así como partituras e mesmo entrevistas nas que contan a historia do grupo, que reflicte a historia da música tradicional da segunda metade do século XX.

Para dar a coñecer todo este patrimonio, así como para darlle ao alumnado a posibilidade de interactuar cos músicos, organízase no IES unha xornada lúdico-festiva o último día do trimestre. Vanse combinar obradoiros con músicos do concello de Rianxo (os dous citados fundadores d' Os Rosales, parte dos integrantes de Carapaus e mais d'Os Perucos), así como rapazada que está na banda e nos grupos de música e baile tradicional do concello (Vai de roda e Aleivosía), mesmo un grupo organizado *ad-hoc* para ese día con alumnado e profesorado do IES. Ademais de participaren nos obradoiros tamén van poder oír toda a música dos grupos actuais mentres realizan xogos variados que teñen como elemento central a devandita música, así como cantaren nun Galeoke.